



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

INSTRUCCIÓN POLA QUE SE REGULA O PROCEDEMENTO DE / EXPEDICIÓN DO CERTIFICADO – DIPLOMA DE ESTUDIOS AVANZADOS/

PRIMEIRO.- O expediente iniciárase por instancia do alumno, que o solicitará a través dos puntos de información ou via web. Imprimíranse tres copias da solicitude/folla de pagamento. No prazo máximo de dez días o alumno deberá ingresar o importe no banco e enviar á Sección de Terceiro Ciclo o resguardo de que realizou o pago da taxa correspondente.

SEGUNDO.- Iniciado o procedemento para a expedición do DEA e comprobados os datos persoais e académicos do interesado, a Xefa da Sección do Terceiro Ciclo disporá a entrega no prazo máximo de dez días do xustificante que acredite á solicitude e o pago da taxa correspondente, así como a verificación dos requisitos necesarios para a expedición do DEA. A data do xustificante será a da solicitude.

TERCEIRO.- A Sección de Terceiro Ciclo solicitará por escrito da Sección de Títulos e Xestión Académica, a expedición dos DEA de cada unha das convocatorias, unha vez confirmado o pago de dereitos dos alumnos que superaron a correspondente convocatoria, e, en todo caso, nun prazo non superior a un mes desde a conclusión da actuación do último tribunal da convocatoria.

CUARTO.- A Sección de Títulos procederá a impresión dos Diplomas de Estudos Avanzados, xerándose o mesmo tempo ás follas do libro de Rexistro de DEA (para constancia na unidade de títulos) e as follas do libro de Rexistro e Expedición do DEA (para os efectos de constancia na unidade administrativa de Terceiro Ciclo e sinatura de recepción do interesado) A cada diploma asignaráselle un número composto de 6 díxitos dos que os dous primeiros corresponderán ós dous últimos díxitos do ano e os catro últimos ó número de asento no libro de Rexistro (01/0001, 01/0002, ...).



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

QUINTO.- A Sección de Títulos remitirá a Sección de Terceiro Ciclo os diplomas de Estudos Avanzados para que se lles entreguen ós interesados, acompañados do correspondente acuse de recibo que devolverán á Sección de Títulos debidamente asinado, así como as follas correspondentes do libro de Rexistro e Expedición de DEA.

SEXTO.- No suposto de que se detecte algún erro no Diploma expedido, procederase a expedición dun duplicado, sexa de oficio ou a solicitude do interesado.

A estes efectos a Sección de Terceiro Ciclo, previa comprobación do documento orixinal que motiva a expedición do duplicado, realizará a correspondente modificación na base de datos e remitirá á Sección de Títulos e Xestión Académica escrito polo que solicita a expedición do duplicado acompañado do orixinal do DEA, fotocopia do documento citado anteriormente e dilixencia na que conste que foron modificados os datos.

SÉTIMO.- A Sección de Títulos procederá á expedición do duplicado, que no caso de que o diploma surtira efectos xurídicos incorporará dilixencia de duplicado con especificación do motivo, e a destrución do orixinal.

A Coruña, 12 de abril de 2002

A SECRETARIA XERAL

Asdo.: Marta M^a García Pérez